

# Galicia. A nosa vida en Dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos

SI

Resumo Executivo  
Edición 2025



# Contidos

---



**Introducción**



**Situación Actual e Evolución dos  
Indicadores**



**Resultados Principais**

**Factores que inflúen no uso das TIC**



**Crecremento Dixital Anual**



**Análise DAFO**

# Introducción

## OBXECTIVOS



- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído Plan Galego de Estatística 2022-2026

## MARCO




- **Metodoloxía e recollida de datos:**
  - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2025” (ECV –IGE)
- **7.792 entrevistas en fogares e 15.827 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA

## FONTES DE INFORMACIÓN




- **Evolución Anos 2021 - 2022 - 2023 – 2024 - 2025:**
  - Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas cinco edicións a mesma metodoloxía
- **Comparativa co contorno:**
  - Indicadores estatais: INE
  - Indicadores europeos: Eurostat

# Situación Actual e Evolución dos Indicadores










# Principais Resultados



# Dixitalización dos Fogares

## Equipamento Tecnolóxico dos fogares Evolución 2021-2025




As Smart TV, as tablets e outros dispositivos conectados protagonizan o avance da dixitalización dos fogares galegos en 2025. O seu crecemento respecto ao ano anterior confirma a consolidación dun modelo de fogar cada vez máis conectado e intelixente. Consólidase o fogar intelixente cun crecemento dos altofalantes intelixentes do 9,7% no último ano.

# Dixitalización dos Fogares

## Fogares con Ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




O 80,8% dos fogares galegos dispón de ordenador, consolidando un nivel de equipamento próximo ao seu máximo histórico. Ao mesmo tempo, medra a presenza de dispositivos intelixentes, presentes xa no 24,2% dos fogares, confirmando a evolución cara a un fogar cada vez máis conectado

## Dispositivos electrónicos intelixentes nos fogares galegos

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)

SI  
24,2%




Non  
75,8%



# Internet

## Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O **95,7%** dos fogares galegos contan con Internet contratado.



Incremento no período 2021-2025  
Galicia: 3,8% España: 1,6% UE: 2,9%


O acceso a Internet alcanza o 95,7% dos fogares galegos, consolidándose como un servizo practicamente universal.

Desde 2021, Galicia presenta un avance superior ao rexistrado na Unión Europea.



## Velocidade de conexión superior aos 30 Mbps no fogar


(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



O **90,6%** dos fogares galegos con Internet dispoñen cunha velocidade superior aos 30 Mbps, un incremento do 30% dende ano 2021.

# Uso das TIC

Persoas que utilizaron internet nos últimos tres meses  
Comparación Galicia, España, Europa  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Incremento no período 2021-2025  
Galicia: 5,5%. España: 2,6%. UE: 5,4%

En 2025, o uso de Internet en Galicia alcanza o 94,3% da poboación, mantendo a senda de crecemento rexistrada nos últimos anos e situándose en niveis moi próximos aos de España e da Unión Europea.

Desde 2021, o número de usuarios de Internet incrementouse un 5,5%, unha evolución máis dinámica que a observada no conxunto do Estado e en liña coa media europea. Estes resultados poñen de relevo o elevado grao de integración das tecnoloxías dixitais na sociedade galega.




# Uso das TIC

O 69,3% dos galegos e galegas realizou compras por Internet en 2025, achegándose á media estatal.

As persoas de 25 a 34 anos continúan sendo o grupo máis activo no comercio electrónico, cunha taxa do 92,6%


### Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



### Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



# Uso das TIC

## Servizos/Actividades de Internet utilizados polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




As actividades máis frecuentes entre as persoas galegas usuarias de Internet son as videoconferencias e chamadas por Internet (92,1%), a lectura de información de actualidade en liña (89,4%) e a banca electrónica (84,7%). Ademais, máis de tres de cada catro usuarios acceden a contidos audiovisuais en plataformas dixitais (78,9%) e utilizan redes sociais (76,5%), mentres que o 71,1% emprega a Rede para xestionar citas médicas, evidenciando a crecente dixitalización da vida diaria.




# Ciberseguridad

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridad nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




O 17,5% dos internautas galegos identifica ter sufrido algún incidente de ciberseguridad. A porcentaxe practicamente duplicouse desde 2021, reflectindo unha maior exposición ás ameazas dixitais e unha maior concienciación cidadá.



Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridad nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses  
Evolución 2021-2025


Persoas que compraron por internet nos últimos 12 meses  
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



# eAdministración

Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses



(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)



A eAdministración consolídase como unha das prácticas dixitais máis estendidas entre a cidadanía galega. En 2025, o 88,4% dos internautas realizou trámites ou xestións en liña coas administracións públicas.

Evolución da Interacción coas AAPP  
2021-2025

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)






# Factores que inflúen no uso das TIC



# Factores que inflúen no uso das TIC: IDADE


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España



O uso de Internet é practicamente universal entre a poboación menor de 55 anos. Entre as persoas de 65 a 74 anos a taxa alcanza xa o 77,4%, reducindo progresivamente a fenda dixital xeracional.

# Factores que inflúen no uso das TIC: **FORMACIÓN**

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a súa formación




O nivel formativo continúa sendo un factor clave no comercio electrónico: máis do 89% das persoas con estudos superiores compra por Internet. Destaca o avance da poboación con educación primaria ou inferior, cuxa taxa de compra en liña alcanza o 19%.



# Factores que influen no uso das TIC: INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A dispoñibilidade de ordenadores aumenta co nivel de ingresos do fogar, acadando o 93,5% nas rendas máis elevadas. O maior avance rexístrase nos fogares con menores ingresos, onde a penetración pasa do 42,9% ao 51,7% nun ano.

# Factores que inflúen no uso das TIC: CONVIVENCIA CON NENOS

## Fogares ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




## Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



## Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 )




A presenza de menores continúa actuando como un factor acelerador da dixitalización, favorecendo unha maior dispoñibilidade de equipamentos, acceso a Internet e uso de servizos dixitais.

# Factores que influen no uso das TIC: HÁBITAT

## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat



## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses



O uso de Internet acaba ou supera o 88% en todos os tipos de hábitat. Os maiores avances desde 2021 rexístranse nos municipios pequenos, o que evidencia unha redución progresiva da fenda territorial.

# Crecemento Dixital

FOGARES CON  
ORDENADOR




+ 2,7%

2021-2025  
+ 40.685

781.701  
fogares

FOGARES CON  
INTERNET




+ 3,8%

2021-2025  
+ 57.843

926.797  
fogares

INTERNAUTAS  
16-74 ANOS




+ 5,5%

2021-2025  
+ 127.429

Internautas  
2025  
±1.8 MM

INTERNAUTAS  
65-74 ANOS




+ 38,7%

2021-2025  
+ 72.894

Internautas  
65-74 anos  
2025  
261.065

COMPRAS  
ON LINE



+ 12,3%

2021-2025  
+ 171.748

Compradores  
2025  
±1.3 MM

# Análise DAFO




## FORTALEZAS

- Consolidación dos principais indicadores TIC
- Converxencia coa media estatal e europea
- Avance da dixitalización entre maiores e zonas rurais
- Expansión dos fogares intelixentes.



## DEBILIDADES

- Persisten diferenzas por idade, renda e nivel educativo
- Menor diversidade de usos dixitais entre as persoas maiores
- Persistencia de dificultades de conectividade en determinadas zonas rurais



## OPORTUNIDADES

- Estratexia Galicia Dixital 2030.
- Desenvolvemento de competencias dixitais cidadás.
- Extensión do 5G e dos servizos públicos intelixentes.
- Impulso da IA e dos fogares conectados



## AMEAZAS

- Incremento dos riscos de ciberseguridade
- Exclusión dixital en servizos cada vez máis dixitalizados
- Dependencia crecente de servizos en liña por colectivos vulnerables



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA